



Febreiro do 2012:

- *En exposición e fase de alegacións o Anteproxecto de Lei de Caza de Galicia.*
- *Esquema de texto proposto.*
- *Novidades do Anteproxecto de Lei de Caza de Galicia.*
- *Pendente para un novo Regulamento da Lei de Caza.*
- *OPINIÓN: Todo cambia para non cambiar nada!!!*

En exposición e fase de alegacións o Anteproxecto de Lei de Caza de Galicia

Xa está colgado dende o día 9 de xaneiro, na web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o **Anteproxecto de Lei de Caza de Galicia**, podendo acceder na propia páxina web de Unitega ou ben no enlace <http://mediorural.xunta.es/areas/conservacion/caza/>.

Con este anuncio dase o paso de exposición pública e previo ó seu tratamento no Parlamento galego para a súa aprobación definitiva.

Dende Unitega procedeuse con celeridade a solicitar unha ampliación ó prazo inicial de 20 días dende a súa posta a disposición na web da Consellería e, simultaneamente procedeuse á posta a disposición dun blog para as achegas de todas e todos os interesados en participar no proceso de alegacións ó anteproxecto, e que ten o seguinte enderezo <http://cazagalicia.blogspot.com/>.

Dado que no intre en que se fai público o referido texto é dentro da propia temporada hábil, dalgún xeito axudou a que se accedera á petición de Unitega para a prolongación do período para as achegas ó

anteproxecto de Lei de Caza, polo que se disporá ata o fin do mes de febreiro do presente ano para as achegas.



Esquema do texto proposto

Título I: Disposicións Xerais.

Título II: Clasificación Terreos.

- Capítulo I: Terreos cinexéticos e non cinexéticos. Definición.
- Capítulo II: Terreos non cinexéticos.
- Capítulo III: Terreos cinexéticos.
- Capítulo IV: O exercicio da caza nas zonas de seguridade.
- Capítulo V: Zonas de adestramento e de caza permanente e a sinalización dos espazos cinexéticos.

UNITEGA – UNION DE TECORES DE GALICIA

Tfno.: 639289627 / Estrada de Cerdedelo Nº 41 – Laza (32620 Ourense)
www.unitega.net - http://www.facebook.com/unitega - mail: unitega@gmail.com

Título III: A ordenación e aproveitamento cinexético.

Título IV: O exercicio da caza.

- Capítulo I: O Cazador, requisitos, licenzas e responsabilidade.
- Capítulo II: As armas, municións e dispositivos auxiliares.
- Capítulo III: Protección das pezas de caza e autorizacións especiais.
- Capítulo IV: Modalidades de caza.
- Capítulo V: A vixilancia e o coidado da caza.

Título V: As entidades colaboradoras e os órganos consultivos.

Título VI: Réxime sancionador.

- Capítulo I: Actuacións previas.
- Capítulo II: Medidas provisionais.
- Capítulo III: Infraccións.
- Capítulo IV: Sancións.
- Capítulo V: O procedemento e competencia.
- Capítulo VI: Executividade das sancións.
- Capítulo VII: O rexistro de infractores de caza.

Disposición Adicional I: Prodecemento de ampliación e segregación.

Disposición Adicional II: Exclusión do ámbito competencial da lei

Disposición Adicional III: Actualización do importe das multas pecuniarias.

Disposición Adicional IV: Sentido do silencio.

Disposición Transitoria I: Explotacións cinexéticas comerciais.

Disposición Transitoria II: Os tecores de titularidade compartida.

Disposición Transitoria III: Os procedementos de tramitación.

Disposición derogatoria única.

Disposición final única.



NOVIDADES DO ANTEPROXECTO DE LEI DE CAZA DE GALICIA

(Art2. Acción de Cazar) **Introdúcese como acción de cazar o adestramento de cans, e exclúese expresamente da acción de cazar as accións de preparación da cacería e o voo libre na cetraría.**

(Art6. Propiedade das pezas de caza.) **Introduce a posibilidade de cobrar as pezas en terreo alleo á caza coa arma descargada e o can atado. Os trofeos achados mortos son propiedade dos Tecores.**

(Art20. Tecor.) **Ampliase a duración mínima de cesión ós Tecores de 5 a 10 anos e a máxima pasa dos 15 ós 25 anos.**

(Art24. Tecor de carácter local.) **Elimínase as porcentaxes mínimas para os cazadores locais e foráneos establecidas.**

(Art33. Explotacións cinexéticas comerciais.) **Establécese que as de caza**

UNITEGA – UNION DE TECORES DE GALICIA

Tfno.: 639289627 / Estrada de Cerdedelo Nº 41 – Laza (32620 Ourense)
www.unitega.net - http://www.facebook.com/unitega - mail: unitega@gmail.com

menor serán abertas e as da maior abertas ou cerradas.

(Art 34. Declaración explotación cinexética comercial.) **As superficies mínimas pasan nas de menor a 50ha, antes requerían 100ha, e élévase a 500ha para as de maior no canto das 100ha anteriores.**

(Art36. Cercados cinexéticos.) **Defínese esta figura, destinados a impedir o paso das especies de caza maior e obrigado cumprimento o respecto das servidumes de paso, contará cunha superficie mínima de 500ha.**

(Art37. Zonas de aclimatación.) **Defínese esta figura para impedir paso ás especies de maior e menor, sen superficie mínima, respectando servidumes de paso, a súa finalidade é axudar na repoboación.**

(Art42. Ordenación caza.) **Ata agora Plans de Ordenación tiñan unha duración de 5 anos, agora esta referencia pasa a ser o período mínimo esixible. No defecto de autorización expresa sobre o Plan de Ordenación o silencio administrativo non se entende aprobado.**



(Art49. Requisitos para exercicio da caza.) **Determinase a idade mínima en 14 anos.**

(Art50. Licenzas. Vixencia e clases) **Establece a excepción á obtención da licenza de caza para os cazadores que participen en campionatos e probas oficiais.**

(Art53. Deberes do cazador.) **Establécese, que só se poderá disparar cando sexa expresamente autorizado, previo recoñecemento de sexo e idade das especies cinexéticas.**

(Art55. Responsabilidade patrimonial polos danos que causen as especies cinexéticas.) **Establécese que a Xunta de Galicia creará o Fondo de Corresponsabilidade para a prevención e compensación en explotacións agrarias, mediante fondos da Xunta das taxas da caza.**

(Art56. Seguridade nas cacerías.) **Faise obrigatorio o emprego de elementos reflectantes ou de alta visibilidade en ganchos, montarías tanto xabarín e corzo como ó raposo. Tamén pasa a ser obrigatorio a sinalización dos camiños de acceso, aínda que esto fica pendente regulamento**

(Art57. Uso e tenza de cans de caza.) **Defínense as distancias máximas ás que ten sempre que estar baixo control o noso can, ata 50m en zonas onde a vexetación poida ocultar o can e ata 100m en zonas abertas desprovistas de vexetación, sexa temporada hábil ou foral dela.**

(Art60. Municións.) **Pasa a estar prohibido o abandono de cartuchos baleiros, vainas ou restos, así como os residuos empregados na práctica cinexética, e por tanto sancionable. Modifícase a definición de posta, proxectís de peso unitario superior a 2,5 gramos ou diámetro igual ou superior a 4,5 milímetros, ata agora só viña definida polo peso unitario dos 2,5 gramos.**

UNITEGA – UNION DE TECORES DE GALICIA

Tfno.: 639289627 / Estrada de Cerdedelo Nº 41 – Laza (32620 Ourense)
www.unitega.net - http://www.facebook.com/unitega - mail: unitega@gmail.com

(Art63. Protección e conservación das especies de caza.) **O apartado b) ata agora nas nevadas (días de fortuna) exceptuaba da prohibición a caza na alta montaña e ás especies migratorias, agora prohibese a caza cando como consecuencia de incendios, nevadas, epizootias, inundacións, secas ou outras causas as pezas de caza vexan privadas as súas facultades normais de defensa ou obrigadas á súa concentración en determinados lugares. O apartado c) determina en 250 metros a visibilidade tanto en nevadas, fumes e néboa. No punto 2. determínase a prohibición de fauna alóctona agás nos cercados de caza maior.**

(Art65. Modalidades de caza.) **No apartado 1.a. relativo á montaría determina que se poderan levar ata 125 cans, elevándose o número de cans ata 15 máis, con respecto á normativa actual. Defínense as modalidades do Tobo e o Zapeo na caza menor.**



(Art69. Os gardas de caza.) **No actual regulamente é obrigatorio o garda de campo de caza, agora pasa a ser opcional.**

(Art74. Medidas provisionais.) **Na resolución do proceso sancionador, punto 4., determinarase o destino dos elementos comisados, procederase á destrución por uso ilícito e á devolución, rescate ou venda en puxa pública cando o comiso fose por uso lícito.**

(Art75. Comisos.) **Cando se produza un comiso, de cans ou aves de cetraría vivos, os axentes procederan ó seu comiso e posterior traslado a un centro zoolóxico, ata agora os cans quedaban ó coidado dos seus propietarios.**

(Art77. Infraccións leves.) **Defínese a falta do abandono de cartuchos baleiros, vaiñas, ou calquera residuo usado en prácticas cinexéticas.**

(Art 78. Infraccións graves.) **No punto 2. recolle textualmente como infracción “cazar as crías ou as femias seguidas de crías así como os machos sen corna, salvo autorización expresa”, introdúcese a novidade dos machos sen corna e non se especifica a que especies cinexéticas se refire.**

(Art80. Prescrición das infraccións.) **Incrementábase as prescricións para as infraccións e para as sancións, na actualidade as leves prescribían ós 6 meses e pasarían agora ata 1 ano, as graves prescribían a 1 ano e pasarán ata os 3 anos, as moi graves que prescriben ós 2 anos pasarán ós 5 anos.**

(Art81. Sancións aplicable.) **A multa para as infraccións leves mínima incrementábase dos 60 euros ós 100 euros. Introdúcense sancións non pecuniarias relativas ós Tecores.**

(Disposición Adicional Primeira. Procedementos de ampliación e segregación.) **Ata o de agora os procedementos de segregación**

UNITEGA – UNION DE TECORES DE GALICIA

Tfno.: 639289627 / Estrada de Cerdedelo Nº 41 – Laza (32620 Ourense)
www.unitega.net - http://www.facebook.com/unitega - mail: unitega@gmail.com

dependían da Dirección Xeral e agora pasan a depender das Territoriais.

(Disposición Adicional Primeira. Actualización do importe das multas pecuniarias.) **O Consello da Xunta poderá actualizar ó Índice de Prezos ó Consumo (I.P.C.) as sancións pecuniarias previstas na Lei.**

(Disposición Adicional Cuarta. Sentido do Silencio.) **Para o solicitado na presente lei, e que non teñan sinalado expresamente o sentido do silencio administrativo, entenderase como positivo.**

PENDENTE PARA O NOVO REGULAMENTO

A proposta de Lei de Caza deixa pendente para desenvolver vía Regulamento os seguintes:

(Art16.2. Outros terreos non cinexéticos) **O procedemento para determinación dun terreo como non cinexético.**

(Art20.4 Terreo cinexético ordenado) **Determinación do proceso de segregación dos Tecor.**

(Art21.5 Procedemento xeral de declaración de Tecor) **Sobre a sinalización dos Tecor.**

(Art22.7 Obrigas dos titulares dun Tecor) **Sobre a solicitude de actividade cinexética.**

(Art23.2 e 3 Tecor de carácter autonómico) **Sobre como se constituirán os Tecor autonómicos e o procedemento para a realización do aproveitamento.**

(Art30.4 Reservas de caza) **Para establecer o réxime organizativo e de funcionamento e representación.**

(Art32.3 Terreos cinexéticos deportivos) **Sobre o aproveitamento que se realice, modalidades e requisitos.**

(Art34.7, 10. e 13. Declaración dunha explotación cinexética comercial) **Sobre o plan de aproveitamento anual a realizar polos seus titulares. Sobre a súa sinalización e actividade.**



(Art36.2 e 6. Cercados cinexéticos) **Sobre o aproveitamento e protección dos cercados así como o proceso de autorización e características e requisitos.**

(Art37.4. Zonas de aclimatación) **Sobre o réxime e funcionamento.**

(Art44.1 e 4. Plan anual de aproveitamento cinexético) **Sobre os contidos mínimos do plan anual, e sobre os criterios que se determinen cando se orixinen desaxustes.**

(Art50.3 e 5. Licencias, vixencia e clases) **Sobre os tipos de licencias, prazos e procedementos de expedicións. Sobre as probas para obtención por 1ª vez.**

(Art56.8. e 9. A seguridade nas cazarías) **Sobre a sinalización das montarías e batidas e sobre o procedemento, dilixencias e regras para**

UNITEGA – UNION DE TECORES DE GALICIA

Tfno.: 639289627 / Estrada de Cerdedelo Nº 41 – Laza (32620 Ourense)
www.unitega.net - http://www.facebook.com/unitega - mail: unitega@gmail.com

actuar sobre os cazadores baixo influencia estupefacientes, alcohol, etc.

(Art60.8. Municipións) **Sobre prohibición outros tipos de munición non referidos na Lei.**

(Art61. Dispositivos auxiliares) **Sobre outros dispositivos que se poidan establecer como prohibidos.**

(Art65. Modalidades de caza) **Sobre as condicións e requisitos para a práctica das modalidades así como doutras modalidades diferentes.**

(Art71. Órganos consultivos e asesores) **Determinación da composición e funcións do Comité Galego de Caza e dos provinciais.**

(Art72. Xunta homologación trofeos de caza) **Determinarase a súa composición e funcionamento.**

(Art75. Comisos) **Sobre o procedemento para darlles destino ós bens ocupados.**

OPINIÓN:

Todo cambia...

.....para non cambiar nada!!!

Este anteproxecto que se nos presenta ven xustificado na súa exposición de motivos, entre outros por unha distribución máis xusta da responsabilidade dos danos, por unha dinamización económica no rural a traveso da explotación cinexética así como un réxime sancionador máis abondoso.

Nesta enumeración de consideracións destacar que non se produce avance algún relativo á responsabilidade polos danos, pois vexamos, en canto ós accidentes na circulación viaria a pesares de que a lexislación de tráfico é clara, a xurisprudencia desconfigura completamente o seu efecto de ser unicamente responsables no exercicio da caza, así se están a producir abondosas sentenzas inculpatorias dos Tecores a 2 ou 3 días da realización da xornada cinexética de calquer índole, engadindo coa proposta de nova lei como acción de cazar o adestramento de cans, ver como acreditamos a nosa defensa. Mais tamén é moi significativo o feito de que non se mude unha coma no correspondente artigo 55.2 “ Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos, en terreos suxeitos a réxime cinexético especial, responderán polos danos, que causen as especies cinexéticas, que procedan dos devanditos terreos”, todo cambia para non cambiar nada, neste sentido a Xunta de Galicia compromete a creación dun Fondo de Corresponsabilidade para a prevención e compensación de danos nas explotacións agrarias, sen prazos, sen determinación dos terreos que poidan afectar, sen procedemento algún que o regule, exclusivamente custeado polos petos dos cazadores e sen garantías de que o acceso ó Fondo de Corresponsabilidade determine a exención de responsabilidade dos Tecores. É un dato público que cada vez pregoa máis a Administración galega relativo a que o número de explotacións



UNITEGA – UNION DE TECORES DE GALICIA

Tfno.: 639289627 / Estrada de Cerdedelo Nº 41 – Laza (32620 Ourense)
www.unitega.net - <http://www.facebook.com/unitega> - mail: unitega@gmail.com

agrarias están a descender pero que aumentan a súa produtividade, neste contexto, a quen nos axudará o Fondo de Corresponsabilidade? Cando comezará a funcionar? Apliquemos o sentido igual que nos accidentes na rede viaria, se cada vez se fuxe do concepto de responsabilidade derivada máis que exclusivamente da acción de cazar, por qué seguimos mantendo na lexislación estar proposta do artigo 55??? Por qué entramos na trampa da Xunta igual que o famoso plano de actuación contra os danos do xabarín que inventaba zonas segundo a afección de danos en cultivos da caza maior???



Daquela a Xunta limpou temporalmente a súa imaxe, e trasladou ós Tecores o cumprimento do Plans Anuais e os seus cupos, e a “obriga” de perseguir e combater diariamente ó xabarín, agora tres cuartos do mesmo, lavado de cara co Fondo de Corresponsabilidade os paisanos convencidos de que lles van a protexer os cultivos e temos a “pataca e o millo” quente na nosa banda, pero é que ninguén se está a dar de conta de que practicamos unha caza social, que estamos configurados en entidades sen ánimo de lucro? Sendo moitas veces, agricultores e cazadores as mesmas persoas, alguén nas vosas asociacións está a tirar réditos económicos das actividades cinexéticas para vivir da caza? Ou realmente facemos funambulismo para manter as asociacións? A nosa asfixia será tamén a condena da Administración, non deixarse levar...

Do mesmo xeito é considerable o obxectivo de que a dinamización económica da nosa terra veña determinada pola práctica cinexética, esquecemos a defensa dos sectores productivos básicos e agora que, moitos compañeiros e compañeiras cazadores empezan a estar de volta sobre o desenvolvemento económico que trae a caza de bote que sufragan custosamente nas viaxes alén do Cebreiro, que senten respirar mellor co esforzo e sacrificio de conseguir algunha perdiz brava ou entoxar en boa lei para captar un orelludo, en fin...

En canto ó réxime sancionador qué dicir? Fai moi boa parella co Fondo de Corresponsabilidade e as taxas cinexéticas, coñeces a música non si??? Recadación e criminalización do cazador e do seu mundo, e isto tamén fai moi boa parella coa caza comercial, ó final van ter razón os nosos vellos, e por tanto máis sabios, que a caza vai a ser cousa de ricos!!!

Visto o texto proposto, de fusión da Lei vixente e do seu Regulamento, eu destácase como unha fuxida para adiante da Administración á hora de facer un “xesto”, pero unicamente iso, un xesto, polos danos en cultivos e de paso asentar as bases dunha lexislación preferentemente sancionadora e que continúa a incidir no aspecto comercial. Xa se advirte na propia exposición de motivos que se tende a “tecnificar” todo o relativo á caza, parece unha ciencia exacta, e déixase de empregar o aspecto puramente social que arrastraban os vellos “cotos privados” e o espírito que lle imprimiron á hora de transformar á figura do Tecor societario.

Hoxe máis que nunca compre incidir no aspecto relativo ás responsabilidades derivadas dos danos producidos maioritariamente pola caza maior en cultivos e na circulación viaria, logo que pecharíamos unha ferida en falso, e os que nos agardan para reclamar os danos non van esperar outra modificación lexislativa, pois é esta a que se vendeu como tal, o

UNITEGA – UNION DE TECORES DE GALICIA

Tfno.: 639289627 / Estrada de Cerdedelo Nº 41 – Laza (32620 Ourense)
www.unitega.net - http://www.facebook.com/unitega - mail: unitega@gmail.com

público en xeral entenderá que nos busquemos a vida, que explotemos comercialmente as especies cinexéticas para contribuír ó pago dos danos, a xente agardaba porque entende o colectivo social que non podemos cargar exclusivamente os cazadores cos problemas derivados dos danos en cultivos e por tanto as contemplacións van chegando ó seu fin.

Imprímese un forte carácter sancionador en novidosas medidas de seguridade e de respecto ó medio ambiente, mais as medidas provisionais, os comisos, a elevada duración para as prescricións das infraccións e das sancións, a concreción de que pasará cos gardas de caza ou como se regularán os órganos de representación son cuestións son outras das incógnitas a despexar.

Con esta proposta de Lei, o futuro plantéxase moi incerto sobre todo para as asociacións de cazadores, é moi probable que ó medio prazo, de non existir modificacións, nuns poucos anos estemos a falar unicamente da caza como unha necesidade polos danos e da explotación dende o punto de vista comercial, ademáis destacar o momento, é o momento en que cada vez máis cazadores empezan a concienciarse da importancia de defender e conservar o pouco que temos, dos que fan moitos e moitos quilómetros e gastan moitos cartos buscando unha experiencia mística que non existe, que se consegue a base de bote prefabricado e fartos de comprobar os conflitos de intereses que frustran o verdadeiro futuro e desenvolvemento da nosa paixón.

Outra evidencia ó respecto dos plantexamentos que se fagan sobre o actual borrador, virá derivado da independencia e o sectorio do noso colectivo, que non somos capaces de centrarnos no que nos une para facer verdadeira presión para mudar e aproximar realidades e necesidades. Neste momento o letargo do conxunto dos cazadores converterase en verdadeiras lousas contra nós ó medio prazo, é o

momento de dicir o que nos parece mellor para o colectivo e ter claro que só coa evidencia de que é posible escenificar forza poderemos cambiar o rumbo.

A pesar disto, agradécese que Unitega, a parte de traballar naquelas alegacións que se vexan interesantes, e tratar de difundir a situación actual á maioría do colectivo de cazadores e no momento en que se entendan e compartan posturas sería interesante facer unha proposta de achegamento dos diferentes colectivos para nos puntos clave, responsabilidades danos e accidentes, artellar unha fronte común, unha fronte común incluso para aqueles que levan meses artellando, compoñendo e descompoñendo esta proposta de texto en nome dunha representación que deixa moito que desexar, mais no común é preciso todo o esforzo posible.

Os cazadores de Unitega.

